



MANUEL REMUÑÁN LÓPEZ

NOTARIO

de

SANTIAGO DE COMPOSTELA

15701 - Montero Ríos, 17 bajo

Telefs.: 981 595 356 / 981 592 666

981 592 662

Fax: 981 571 914 / 981 595 362

150780012

ESPAÑA



**NIHIL PRIUS FIDE
NOTARIO**

2023

Año.....

280

Núm.....

MODIFICACION DE ESTATUTOS

DE LA SOCIEDAD

**GALARIA EMPRESA PUBLICA DE SERVICIOS
SANITARIOS, S.A**



GZ9774890

06/2022

Manuel Remuñán López
NOTARIO

Montero Rios, 17 bajo
Tel. 981 595 356 - Fax. 981 571 914
15706 SANTIAGO

**= ELEVACION A PÚBLICO DE ACORDOS SOCIAIS DE
MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS =**

C-NÚMERO DOUSCENTOS OITENTA. -----

En SANTIAGO DE COMPOSTELA, a miña residencia, a
seis de febreiro de dous mil vintetrés. -----

Perante min, MANUEL REMUÑAN LÓPEZ, Notario do
Ilustre Colexio de Galicia, designado por quenda ofi-
cial, -----

C O M P A R E C E:

Dona LAURA RECACHO RIVAS, ¹⁵ maior de idade, con do-
micilio a estos efectos en Edificio Administrativo
San Lázaro, s/nº, Santiago de Compostela, con D.N.I.
33.279.907-B. -----

INTERVÉN en representación da Sociedade "**GALARIA
EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS, S.A.**"
(UNIPERSOAL), con C.I.F. A15476740, domiciliada en
Santiago de Compostela, Edificio Administrativo San
Lázaro, tercer andar, que ten por obxecto, en sinte-
se, a actividade asistencial, o desenvolvemento, exe-
cución e explotación de infraestructuras sanitarias,



a prestación de servizos de consultoria no eido sanitario, así como a prestación de servizos relacionados co ámbito sanitario. -----

Constituída coa denominación de "Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A.", mediante escritura outorgada perante o Notario de Santiago, Don Domingo Enrique Gutiérrez Aller o 11 de agosto de 1.994; e inscrita no Rexistro Mercantil no tomo 152, folio 52, folla nº C-12001; cambiada a súa denominación pola actual, mediante escritura outorgada polo infrascrito Notario, o 18 de novembro de 2.008, nº. 2.039 de protocolo; inscrita no Rexistro Mercantil desta cidade, Tomo 2, Folio 142 da Sección Xeral, folla SC-12.011, inscrición 57ª; trasladado o seu domicilio mediante escritura outorgada o 13 de abril de 2.011, ante o Notario de Santiago, Don José Manuel Amigo Vázquez, número 656 de protocolo; modificados seus estatutos sociais mediante escritura outorgada ante mín, o 15 de xaneiro de 2.014, número 70 de protocolo, inscrita no devandito Rexistro Mercantil, tomo 63, Folio 118 da Sección Xeral, folla SC-1211, inscrición 77ª. ---

A declaración de unipersonalidade, resulta de certificación expedida o 28 de decembro de 1.995 por Don Enrique Otero Seivane, como Secretario do Con-

GZ9774891

06/2022



sello de Administración, co V°.B°. do Presidente, Don José Manuel Romay Beccaria, que causou a inscrición 10ª da citada folla. -----

Actúa como **Secretaria do Consello de Administración**, cargo no que foi renovada, por prazo de ~~seis~~ anos, en escritura autorizada polo Notario desta cidade, Don Manuel Remuñán López, o día 9 de decembro de 2020, número 2.109 de protocolo, cuxa copia autorizada tiven á vista, cuxa copia autorizada tiven á vista, que causou a inscrición 96 de dita folla. ----

Ao meu xuízo son suficientes as facultades representativas acreditadas para este outorgamento, en razón do seu cargo. -----

Manifesta que as expresadas circunstancias de denominación, forma, obxecto e domicilio sociais non variaron. -----

Titular real.- Eu, Notario, fago constar expresamente que cumprín a obriga de identificación do titular real que impón o artigo 4 da Lei 10/2010, de 28 de abril, mediante consulta realizada **o día de hoxe** a

través do Sistema Integrado de Xestión do Notariado (SIGNO) na Base de Datos de Titular Real, manifestando a representante que o resultado obtido axústase á realidade, pois trátase de **persoa xurídica excepciónada**. -----

Identifícaa pola sua documentación reseñada e exhibida. Ten, ao meu xuízo, segundo intervén, a capacidade e o discernimento necesario para esta escritura, a cuxo fin, -----

OUTORGA:

Eleva a público e executa os acordos tomados pola Xunta Universal da sociedade celebrados o 30 de xaneiro de 2023, na forma e modo que resulta da certificación expedida por Dona Laura Recacho Rivas, como Secretaria do Consello de Administración, co Visto e Prace do Presidente, Don Julio García Comesaña, que ao seu requeremento incorporo a esta matriz sendo lexítimas as firmas que a autorizan, a da comparecente por recoñecela como súa a miña presenza e a do Presidente por cotexo con outras indubitadas do protocolo a meu cargo, cuxo contido dase por reproducido para evitar repeticións innecesarias. -----

Fago as reservas e advertencias legais, entre elas a relativa a obriga da súa inscrición no Rexis-



GZ9774892

06/2022

06/01/2022



tro Mercantil dos actos suxetos ao mesmo que se contienen na presente escritura, a cuxa **presentación telemática renuncia**. -----

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL: De acordo co establecido na Lei orgánica 3/2018, o Regulamento (UE) 2016/679 e a súa normativa de desenvolvemento, a comparecente queda informada e acepta o tratamento e incorporación dos seus datos aos ficheiros automatizados existentes nesta notaría, que se conservasen nela con carácter confidencial, sen prexuízo das remisións de obrigado cumprimento ás administracións públicas que estipula a lei e, no seu caso, ao notario que suceda ou substitúa o actual nesta notaría. A súa finalidade é realizar a formalización do presente instrumento público, que noutro caso non podería autorizarse, a súa facturación e seguimento posterior e as funcións e obrigas propias da actividade notarial. A identidade e dirección do responsable, para os efectos de poder exercer os seus dereitos sobre protección de datos, son os do notario

autorizante. -----

Léolle esta escritura, pola súa elección; apróbaa e asina comigo, o notario, que dou fe de que despois da lectura a comparecente fixo constar quedar debidamente informada do contido do instrumento, de que o consentimento foi libremente prestado, de que o outorgamento se adecúa á legalidade e á vontade debidamente informada da comparecente, e do consignado neste instrumento público, estendido en tres folios de papel exclusivo para documentos notariais, serie GY, números o do presente e dous anteriores en orde correlativa de numeración. Está a firma da comparecente.- Seguen o signo, firma, rubrica e selo do Notario autorizante. -----

LIQUIDACION ARANCEL, R.D. 17/11/89.-
Núms.: 1,4,5,6,7 y Normas Generales.-
BASE: Documento sin cuantía.-

SEGUEN DOCUMENTOS UNIDOS

GZ9774893

06/202



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



GALARIA
EMPRESA PÚBLICA DE
SERVIZOS SANITARIOS

Laura Recacho Rivas, Vicesecretaria Xeral da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, actuando como secretaria da Xunta Xeral de Accionistas da Sociedade Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.

CERTIFICA

Que a Xunta Xeral Universal de Accionistas de GALARIA, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A., na súa xuntanza do día 30 de xaneiro de 2023, previo acordo por unanimidade da súa celebración, estando presentes todos os seus membros e aceptado o único punto que conforma a orde do día, adoptou o seguinte acordo:

1. Modificación dos estatutos sociais acordada polo Consello de Administración na reunión celebrada o 5 de xullo de 2022.

O Consello de Administración de Galaria, na súa reunión de 5 de xullo de 2022, acordou o inicio do procedemento de modificación estatutaria para ampliar o obxecto social incluíndo a actividade científica e investigadora nun novo apartado e) do artigo 2, así como recoller expresamente a posibilidade de celebrar as sesións de xeito telemático, modificando os artigos 13, 15, 26 e 29. A dita modificación foi informada con data 19 de decembro de 2022 polo letrado do Servizo Galego de Saúde e aprobada no Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinteseis de xaneiro de dous mil vintedous.

A Xunta Xeral de Accionistas aproba a nova redacción do **artigo 2** dos estatutos sociais, que queda redactado do seguinte xeito:

"Artigo 2º. - OBXECTO SOCIAL

Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A. ten por obxecto a actividade asistencial, o desenvolvemento, execución e explotación de infraestruturas sanitarias, a prestación de servizos de consultoría no eido sanitario, así como a prestación de servizos relacionados co ámbito sanitario.

Edificio Admvo. SERGAS, 3º andar
San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Tel. 981 57 76 50 - Fax: 981 57 78 43





En particular constituirán parte do obxecto social as seguintes actividades:

- a. *A promoción, planificación, deseño, construción, conservación, mantemento, dotación de equipamento e explotación, por si mesma ou mediante terceiros, de toda clase de infraestruturas sanitarias que sexan promovidas pola Comunidade Autónoma de Galicia ou nas que esta participe, incluíndo a prestación de servizos de carácter non clínico ou asistenciais no eido sanitario que se desenvolvan nas mesmas.*
- b. *A prestación de actividades de consultaría en materia de avaliación, planificación, promoción, adquisición, organización, mantemento, formación, xestión, investigación, control de calidade e, en xeral, calquera materia relacionada co sector sanitario, especialmente no eido da alta tecnoloxía sanitaria.*
- c. *A prestación de servizos de xestión ordinaria e administración de outras sociedades ou fundacións que teñan definido nos seus estatutos o carácter de “públicas” e que están vinculadas por razón do seu obxecto social a actividades sanitarias e da saúde.*
- d. *A realización da actividade asistencial que lle sexa encargada polo Servizo Galego de Saúde.*
- e. *A participación en iniciativas, proxectos ou actividades de I+D+I en Biomedicina ou en Ciencias e Tecnoloxías da Saúde e outras relacionadas co sector sanitario que permitan a xeración de coñecemento científico ou tecnolóxico no ámbito da saúde, así como a súa aplicación e transferencia, sen prexuízo das competencias da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS)*

As actividades abranguidas no obxecto social poderanse realizar, total ou parcialmente, ben mediante a creación de sociedades filiais, ben participando noutras sociedades de obxecto idéntico ou análogo, ou ben mediante calquera outra fórmula admitida en dereito, respectando en todo caso o marco normativo definido no artigo 1.1 dos presentes estatutos.

Constitúe o CNAE da actividade principal o 8610. Os CNAE's doutras actividades accesorias que tamén realiza a entidade son 8621, 8622 e 8690.”

A Xunta Xeral de Accionistas aproba tamén a nova redacción do **artigo 13** dos estatutos sociais, que queda redactado do seguinte xeito:

Artigo 13. Constitución da Xunta

A xunta xeral, ordinaria ou extraordinaria, quedará validamente constituída, en primeira convocatoria, cando os accionistas presentes ou representados posúan, cando menos, o vinte e cinco por cento do capital subscrito con dereito a voto. En segunda convocatoria, será válida a reunión da xunta calquera que sexa o capital concorrente a ela.

A Xunta Xeral poderase celebrar de forma presencial ou telemática, sempre que os asistentes estean interconectados entre si por videoconferencia ou outros medios telemáticos que permitan o recoñecemento e identificación dos mesmos e a permanente comunicación entre eles.

GZ9774894

06/202



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
DE SAÚDE



GALARIA
EMPRESA PÚBLICA DE
SERVIZOS SANITARIOS

Apróbase así mesmo a nova redacción do **artigo 15**, que queda redactado do seguinte xeito:

Artigo 15. Requisitos de convocatoria e xunta universal

O anuncio expresará a data da reunión en primeira convocatoria e a orde do día.

Poderá, así mesmo, facerse constar a data en que, se procede, se reunirá a xunta en segunda convocatoria. Entre a primeira e a segunda reunión deberá mediar, polo menos, un prazo de 24 horas. Farase mención do dereito de calquera accionista a obter da sociedade pública, de forma inmediata e gratuíta, os documentos que serán sometidos á súa aprobación e, se é o caso, o informe dos auditores de contas. Non obstante, a xunta entenderase convocada e quedará validamente constituída para tratar calquera asunto, sempre que estea presente todo o capital desembolsado e os asistentes acepten por unanimidade a súa celebración.

En caso de celebrarse por medios telemáticos, na convocatoria especificaranse os medios a utilizar, que deberán garantir o recoñecemento e identificación dos asistentes e a permanente comunicación entre eles.

Apróbase así mesmo a nova redacción do **artigo 26**, que queda redactado do seguinte xeito:

Artigo 26. Reunións

O Consello de Administración reunirse, convocado polo presidente ou por quen faga as súas veces, en sesión ordinaria, polo menos unha vez ao trimestre, e en sesión extraordinaria cando así o solicite o presidente pola súa propia iniciativa, ou por solicitude dun terzo dos seus membros.

As reunións do Consello de Administración poderán celebrarse de forma presencial na localidade onde radique o domicilio social, ou en calquera outro lugar acordado por unanimidade dos seus membros, ou por medios telemáticos. Para iso, na convocatoria especificaranse o lugar da reunión ou os medios a utilizar, que deberán garantir o recoñecemento e identificación dos asistentes e a permanente comunicación entre eles.

Para a válida constitución das sesións requírese convocatoria por escrito dirixida ao domicilio de cada conselleiro con catro días de antelación, en que se expresarán a orde do día, o lugar e a hora da sesión. En caso de sesión extraordinaria, a convocatoria poderá realizarse con vinte e catro horas de antelación por un medio que deixe constancia.

Así mesmo, considerarase formalmente constituído o Consello cando, estando presentes todos os seus membros, así o acorden por unanimidade.

Edificio Admvo. SERGAS, 3º andar
San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Tel. 981 57 76 50 - Fax: 981 57 78 43





Para que quede validamente constituído o Consello requírese a concorrencia, presentes ou representados noutros membros do Consello, da metade máis un dos seus membros.

Apróbase así mesmo a nova redacción do artigo 29, que queda redactado do seguinte xeito:

Artigo 29. Comisións ou comités con carácter permanente ou ocasional

Por proposta da presidencia, o Consello de Administración poderá constituír no seu seo comisións ou comités con carácter permanente ou ocasional e coa composición, atribucións, réxime das reunións, requisitos dos acordos e garantías que máis conveña á mellor e máis recta xestión e administración dos intereses sociais, sen que en ningún caso poidan atribuírse as facultades indelegables segundo a lei.

Os comités e as comisións serán presididos polo/a presidente/a e, na súa falta, polo/a conselleiro/a de maior idade.

As actas que de ser o caso se redacten serán autorizadas polo/a secretario/a do Consello de Administración.

Os comités e as comisións poderán celebrarse de forma presencial ou telemática, sempre que os asistentes estean interconectados entre si por videoconferencia ou outros medios telemáticos que permitan o recoñecemento e identificación dos mesmos e a permanente comunicación entre eles.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2023

Vº e Prace

O presidente,

Julio García Comesaña

A secretaria,

Laura Recacho Rivas

GZ9774895

06/2022



0,15 €



É COPIA DO seu MATRIZ, coa que fielmente concorda e onde queda anotado, que expido para a sociedade en seis folios de papel exclusivo para documentos notariais, de igual serie ao presente, números este e os cinco anteriores correlativos.- En Santiago de Compostela o mesmo día de autorización.-Dou Fe.






Registro Mercantil de SANTIAGO

Praza da Constitución S/N - 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA Tfno.: 981561693

GALERIA EMPRESA PUBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS, SA

DOCUMENTO: 1/2023/400,0 **ASIENTO:** 115/300 **DE FECHA:** 07/02/2023

M^a Teresa Ferrin Sanmartin, Registradora Mercantil de SANTIAGO DE COMPOSTELA, previo examen y calificación del documento precedente de conformidad con los artículos 18-2 del Código de Comercio y 6 del Reglamento del Registro Mercantil, he procedido a su inscripción en la fecha de la presente nota, en el:

TOMO : 362
HOJA : SC-12011

LIBRO : 0
INSCRIP.: 101

FOLIO : 54

FACTURA:

SANTIAGO , 9 de Febrero de 2023

LA REGISTRADORA

A los efectos del Reglamento General de Protección de Datos 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016, relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos (en adelante, "RGPD"), queda informado:

- De conformidad con la instancia de presentación, los datos personales expresados en la misma y en los documentos presentados han sido y serán objeto de tratamiento e incorporados a los Libros y archivos del Registro, cuyo responsable es el Registrador, siendo el uso y fin del tratamiento los recogidos y previstos expresamente en la normativa registral, la cual sirve de base legitimadora de este tratamiento. La información en ellos contenida sólo será tratada en los supuestos previstos legalmente, o con objeto de satisfacer y facilitar las solicitudes de publicidad formal que se formulen de acuerdo con la normativa registral.
- El periodo de conservación de los datos se determinará de acuerdo a los criterios establecidos en la legislación registral, resoluciones de la Dirección General de Seguridad Jurídica y Fe Pública e instrucciones colegiales. En el caso de la facturación de servicios, dichos periodos de conservación se determinarán de acuerdo a la normativa fiscal y tributaria aplicable en cada momento. En todo caso, el Registro podrá conservar los datos por un tiempo superior a los indicados conforme a dichos criterios normativos en aquellos supuestos en que sea necesario por la existencia de responsabilidades derivadas de la prestación servicio.
- En cuanto resulte compatible con la normativa específica y aplicable al Registro, se reconoce a los interesados los derechos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación y portabilidad establecidos en el RGPD citado, pudiendo ejercitarlos dirigiendo un escrito a la dirección del Registro. Del mismo modo, el usuario podrá reclamar ante la Agencia Española de Protección de Datos (AEPD): www.agpd.es. Sin perjuicio de ello, el interesado podrá ponerse en contacto con el delegado de protección de datos del Registro, dirigiendo un escrito a la dirección dpo@corpme.es

(Entrada 1/2023/400,0)

FECHA : 09/02/2023 HORA : 10:25

**GALARIA EMPRESA PUBLICA DE SERVICIOS SANITARIOS, SA - A15476740****Artículo de los estatutos**

Artículo 15º.- Requisitos De Convocatoria y Junta Universal. El anuncio expresará la fecha de la reunión en primera convocatoria y el orden del día. Podrá, así mismo, hacerse constar la fecha en que, si procede, se reunirá la junta en segunda convocatoria. Entre la primera y la segunda reunión deberá mediar, por lo menos, un plazo de 24 horas. Se hará mención del derecho de cualquier accionista a obtener de la sociedad pública, de forma inmediata y gratuita, los documentos que serán sometidos a su aprobación y, en su caso, el informe de los auditores de cuentas. No obstante, la junta se entenderá convocada y quedará válidamente constituida para tratar cualquier asunto, siempre que esté presente todo el capital desembolsado y los asistentes acepten por unanimidad su celebración. En caso de celebrarse por medios telemáticos, en la convocatoria se especificarán los medios a utilizar, que deberán garantizar el reconocimiento e identificación de los asistentes y la permanente comunicación entre ellos.

Cambio del Objeto Social

Artículo de los estatutos: Artículo 2º.- Objeto Social. Galaria, Empresa Pública de Servicios Sanitarios, S.A. tiene por objeto la actividad asistencial, el desarrollo, ejecución y explotación de infraestructuras sanitarias, la prestación de servicios de consultoría en el campo sanitario, así como la prestación de servicios relacionados con el ámbito sanitario. En particular constituirán parte del objeto social las siguientes actividades: a.- La promoción, planificación, diseño, construcción, conservación, mantenimiento, dotación de equipamiento y explotación, por sí misma o mediante terceros, de toda clase de infraestructuras sanitarias que sean promovidas por la Comunidad Autónoma de Galicia o en los que esta participe, incluyendo la prestación de servicios de carácter no clínico o asistencial en el campo sanitario que se desarrollen en las mismas. b.- La prestación de actividades de consultaría en materia de evaluación, planificación, promoción, adquisición, organización, mantenimiento, formación, gestión, investigación, control de calidad y, en general, cualquier materia relacionada con el sector sanitario, especialmente en el campo de alta tecnología sanitaria. c.- La prestación de servicios de gestión ordinaria y administración de otras sociedades o fundaciones que tengan definido en sus estatutos el carácter de "públicas" y que estén vinculadas por razón de su objeto social a actividades sanitarias y de la salud. d.- La realización de la actividad asistencial que le sea encargada por el Servizo Galego de Saúde. e.- La participación en iniciativas, proyectos o actividades de I+D+I en Biomedicina o en Ciencias y Tecnologías de la Salud y otras relacionadas con el sector sanitario que permitan la generación de conocimiento científico o tecnológico en el ámbito de la salud, así como su aplicación y transferencia, sin perjuicio de las competencias de la Agencia Galega para o Coñecemento en Saúde -ACIS-. Las actividades abarcadas en el objeto social se podrán realizar, total o parcialmente, bien mediante la c